



ἱστορία
τῆς ἑλληνικῆς
γλώσσας

(historia da lingua grega)





O grego pertence á familia de linguas INDOEUROPEAS. Todas elas proceden dun antecedente común cuxo hogar orixinario algúns estudosos sitúan nas estepas do sur de Rusia, outros na Europa centro-oriental, e outros en Asia Menor. Desde algún deses lugares, en torno ó V-IV milenio a.C., comezou unha prolongada expansión que alcanzou os extremos amosados no mapa. A lingua orixinaria, que hoxe só se pode reconstruír moi lixeiramente, fragmentouse en múltiples idiomas

Por medio de moitas investigacións lingüísticas e arqueolóxicas, sabemos que no que hoxe chamamos Grecia se falaban outras linguas antes da chegada dos indoeuropeos; tamén sabemos que a lingua grega xa estaba formada cando chegou alí. Por tanto, e aínda que pareza unha contradición, os gregos non son orixinarios de Grecia, senón que chegaron doutro lugar. Tamén existían diferenzas entre uns grupos de helenos e outros. Destas dúas cousas eran conscientes os propios gregos, e así o demostra un relato da súa mitoloxía: o de Helén e os seus fillos Xuto, Eolo e Doro





Segundo esa lenda, Deucalión e Pirra eran un matrimonio ó que Prometeo, creador da Humanidade, quixo salvar dun diluvio enviado por Zeus para afogar os seres humanos. Por consello daquel, refuxiáronse nunha arca. Cando as augas baixaron, repoboaron a Terra lanzando pedras por riba dos seus ombreiros: as pedras de Deucalión convertéronse en homes, e as de Pirra en mulleres



Máis adiante, Deucalión e Pirra tiveron por fillo a Helén, e este enxendrou a Doro, Xuto e Eolo. O primeiro dá nome a todos os gregos, mentres que Doro llelo dá ós **dorios**, Eolo ós **eolios**, e Ión, un fillo de Xuto, ós **xonios**

O que este mito explica é a existencia de, polo menos, tres estirpes ou pobos dentro do conxunto grego.

Os estudosos cren que chegaron ó seu territorio en dous ou tres momentos sucesivos (entre 2000 e 1200 a.C.), dos cales o derradeiro foi o dos dorios





Na época de máximo esplendor da cultura grega, o idioma estaba fragmentado nunha serie de variantes ou dialectos, que se falaban en diferentes territorios, tal e como se ve no mapa. Os máis importantes eran o xónico, o eólico, o dórico e o ático. Debido á proximidade entre o xónico e o ático, son considerados un só dialecto, chamado xónico-ático. Cada un deles tivo un cultivo literario especializado

dórico



Poesía lírica (Píndaro), bucólica e coral

eólico



Poesía lírica (Safo & Alceo)

xónico-ático



Épica (Homero, en xónico), Traxedia (Sófocles), Comedia (Aristófanes), Historia (Tucídides), Filosofía (Platón), Oratoria (Demóstenes)



ἡ κοινή διάλεκτος

Despois da unificación política de Grecia por parte de Filipo de Macedonia e das conquistas do seu fillo Alexandre Magno (s. IV a.C.), a variante ática, con achegas dos demais dialectos, converteuse na lingua común de todos os gregos (κοινή). Foi esta a que evolucionou durante o Imperio Bizantino (s. IV-XV d.C.) e os séculos seguintes, ata chegar á actualidade en dúas formas: unha máis culta e outra máis popular, chamada *demótica*. Desde 1976 esta última é o idioma oficial da República de Grecia, e que adoitamos chamar Grego Moderno